

ADAPTACIÓN CURRICULAR INDIVIDUALIZADA

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026388	IES Plurilingüe Fontexería	Muros	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Matemáticas	2º ESO	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Elaboración AC	3
2.1 Orientación metodolóxica	11
2.2 Criterios de cualificación	12
2.3 Instrumentos de avaliación	12
2.4 Avaliación de competencias clave	12
Relacionar con alumna/o	13

1. Elaboración AC

B1	Sentido numérico
----	------------------

Nº	Criterio de avaliación	Modificación	Nova redacción
CA1.4	Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.		
CA1.1	Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.		
CA1.3	Expor variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións.		
CA1.5	Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias, recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.		
CA1.2	Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e estratexias apropiadas.		

Nº	Contido	Modificación	Nova redacción
C1.1.1	Uso das potencias de expoñente natural e enteiro. Transformación e simplificación de expresións con potencias. Notación científica.	Redución	Uso das potencias de expoñente natural
C1.1.2	Interpretación de números grandes e pequenos, recoñecemento e utilización da notación exponencial e científica e o seu uso na calculadora.	Redución	Interpretación de números grandes e pequenos.
C1.1.3	Realización de estimacións coa precisión requirida.	Supresión	
C1.1.4	Uso dos números enteiros, fraccións, decimais e raíces para expresar cantidades en contextos da vida cotiá coa precisión requirida.	Redución	Uso dos números enteiros, fraccións, decimais
C1.1.6	Resolución de problemas en diferentes contextos, seleccionando a representación máis adecuada dunha mesma cantidade (natural, enteiro, decimal, fracción ou raíz).	Redución	Resolución de problemas en diferentes contextos, seleccionando a representación máis adecuada dunha mesma cantidade (natural, enteiro, decimal, fracción)
C1.2.1	Identificación e aplicación das operacións con números enteiros, fraccionarios ou decimais	Supresión	

Nº	Contido	Modificación	Nova redacción
C1.2.1	útiles para resolver situacións contextualizadas.	Supresión	
C1.2.2	Resolución de problemas contextualizados con operacións combinadas con números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, tendo en conta a xerarquía e aplicando as propiedades adecuadas para realizar os cálculos de maneira eficiente.	Redución	Resolución de problemas contextualizados con operacións combinadas con números naturais,
C1.3.1	Comparación e ordenación de fraccións, decimais e porcentaxes de maneira eficiente, atopando a súa situación exacta ou aproximada na recta numérica.	Redución	Comparación e ordenación de números naturais e decimais.
C1.4	Razoamento proporcional.	Supresión	
C1.4.1	Comprensión e representación de razóns e proporcións en relacións cuantitativas.	Supresión	
C1.4.2	Recoñecemento das relacións de proporcionalidade directa, inversa e composta. Constante de proporcionalidade. Reparticións proporcionais.	Supresión	
C1.4.3	Comprensión e utilización de porcentaxes na resolución de problemas.	Supresión	
C1.2	Sentido das operacións.		
C1.1.5	Recoñecemento e aplicación de diferentes formas de representación de números enteiros, fraccionarios e decimais, incluída a recta numérica.		
C1.1	Cantidade.		
C1.3	Relacións.		

B2	Sentido da medida
----	-------------------

Nº	Criterio de avaliación	Modificación	Nova redacción
CA2.4	Realizar conexións entre diferentes procesos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias.		
CA2.1	Investigar e comprobar conxecturas sinxelas de forma guiada analizando patróns, propiedades e relacións.		
CA2.3	Recoñecer e usar as relacións entre os coñecementos e as experiencias matemáticas formando un todo coherente.		
CA2.5	Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para		

Nº	Criterio de avaliación	Modificación	Nova redacción
CA2.5	compartir información.		
CA2.2	Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.		

Nº	Contido	Modificación	Nova redacción
C2.1.2	Estimación de medidas coa precisión adecuada a cada situación.	Supresión	
C2.2.1	Dedución, interpretación e aplicación das principais fórmulas para obter áreas, volumes e capacidades en formas tridimensionais.	Supresión	
C2.2.2	Uso de representacións planas de obxectos tridimensionais para visualizar e resolver problemas.	Supresión	
C2.2.3	Representación de obxectos tridimensionais usando os medios tecnolóxicos máis adecuados.	Supresión	
C2.1.1	Elección das unidades e operacións adecuadas en problemas que impliquen medida.		
C2.2	Medición.		
C2.1	Magnitude.		

B3	Sentido espacial
----	------------------

Nº	Criterio de avaliación	Modificación	Nova redacción
CA3.7	Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas valorando a súa utilidade para compartir información.		
CA3.3	Recoñecer e usar as relacións entre os coñecementos e experiencias matemáticas formando un todo coherente.		
CA3.6	Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.		
CA3.4	Realizar conexións entre diferentes procesos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias.		

Nº	Criterio de avaliación	Modificación	Nova redacción
CA3.1	Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.		
CA3.5	Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.		
CA3.2	Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.		

Nº	Contido	Modificación	Nova redacción
C3.1	Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións.	Redución	Figuras xeométricas de dúas dimensións.
C3.1.1	Descrición e clasificación de figuras xeométricas planas e tridimensionais en función das súas propiedades ou características.	Redución	Descrición e clasificación de figuras xeométricas planas
C3.1.2	Identificación da relación pitagórica e o seu uso no cálculo de medidas en figuras planas e tridimensionais.	Supresión	
C3.1.3	Recoñecemento de figuras semellantes. O teorema de Tales.	Supresión	
C3.1.4	Aplicación de escalas no cálculo de distancias en situacións da vida real.	Supresión	
C3.1.5	Construción de figuras xeométricas con ferramentas manipulativas e dixitais, como programas de xeometría dinámica, realidade aumentada etc.	Redución	Construción de figuras xeométricas de forma manual.

B4	Sentido alxébrico
----	-------------------

Nº	Criterio de avaliación	Modificación	Nova redacción
CA4.2	Comprobar a validez das solucións dun problema e elaborar respostas coherentes no contexto exposto, avaliando o seu alcance e repercusión desde diferentes perspectivas (de xénero, de sostibilidade, de consumo responsable etc.).	Supresión	

Nº	Criterio de avaliación	Modificación	Nova redacción
CA4.5	Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Supresión	
CA4.6	Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Supresión	
CA4.8	Recoñecer e empregar con precisión e rigor a linguaxe matemática presente na vida cotiá.	Redución	Recoñecer e empregar a linguaxe matemática na vida cotiá.
CA4.1	Comprobar a corrección matemática das solucións dun problema.		
CA4.7	Comunicar información utilizando a linguaxe matemática apropiada para describir, explicar e xustificar razoamentos, procedementos e conclusións.		
CA4.4	Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.		
CA4.3	Expor variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións.		

Nº	Contido	Modificación	Nova redacción
C4.1.3	Uso da linguaxe alxébrica para obter fórmulas e termos xerais baseados na observación de pautas e regularidades.	Supresión	
C4.3.1	Uso da álgebra simbólica para representar relacións lineais e cadráticas en situacións da vida cotiá.	Supresión	
C4.3.2	Identificación e aplicación da equivalencia de expresións alxébricas na resolución de problemas baseados en relacións lineais e cadráticas.	Supresión	
C4.3.3	Procura de solucións en ecuacións lineais e cadráticas cunha incógnita. Aplicación a problemas contextualizados. Interpretación das solucións.	Supresión	
C4.3.4	Resolución alxébrica e gráfica de sistemas de dúas ecuacións lineais e dúas incógnitas. Aplicación a problemas contextualizados.	Supresión	
C4.3.5	Uso da tecnoloxía para resolver e comprobar as solucións de ecuacións e sistemas de ecuacións lineais.	Supresión	
C4.4	Relacións e funcións.	Supresión	

Nº	Contido	Modificación	Nova redacción
C4.4.1	Aplicación e comparación das diferentes formas de representación dunha relación (táboa, gráfica, fórmula):	Redución	Aplicación e comparación das diferentes formas de representación dunha relación (táboa, gráfica)
C4.4.2	Identificación de funcións, lineais ou non lineais, estudo e comparación das súas propiedades a partir das súas gráficas ou expresións alxébricas.	Supresión	
C4.4.3	Identificación de relacións cuantitativas e determinación da clase ou clases de funcións que a modelizan en problemas propios doutras materias ou do mundo real.	Supresión	
C4.4.4	Uso da álgebra simbólica para a representación e a explicación de relacións matemáticas a partir de situacións contextualizadas.	Supresión	
C4.5.1	Xeneralización e transferencia de procesos de resolución de problemas a outras situacións.	Supresión	
C4.5.2	Identificación de estratexias para a interpretación e a modificación de algoritmos.	Supresión	
C4.5.3	Uso de calculadoras gráficas e software específico para a representación de funcións e a análise dos seus elementos característicos.	Supresión	
C4.4.5	Dedución da información relevante dunha función mediante o uso de diferentes representacións simbólicas.		
C4.3	Igualdade e desigualdade.		
C4.2.1	Comprensión do concepto de variable nas súas diferentes naturezas.		
C4.2	Variable.		
C4.1.1	Modelización de situacións sinxelas da vida cotiá usando representacións matemáticas e a linguaxe alxébrica.		
C4.1.2	Dedución de conclusións razoables sobre unha situación da vida cotiá unha vez modelizada.		
C4.5	Pensamento computacional.		
C4.1.4	Operacións con expresións alxébricas sinxelas. Identidades.		
C4.1	Modelo matemático.		

B5	Sentido estocástico
----	---------------------

Nº	Criterio de avaliación	Modificación	Nova redacción
CA5.4	Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e	Supresión	

Nº	Criterio de avaliación	Modificación	Nova redacción
CA5.4	estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Supresión	
CA5.8	Recoñecer e empregar con precisión e rigor a linguaxe matemática presente na vida cotiá.	Redución	Recoñecer e empregar a linguaxe matemática presente na vida cotiá.
CA5.1	Investigar conxecturas sinxelas de forma guiada analizando patróns, propiedades e relacións.		
CA5.5	Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias, recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.		
CA5.7	Comunicar información utilizando a linguaxe matemática apropiada para describir, explicar e xustificar razoamentos, procedementos e conclusións.		
CA5.6	Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.		
CA5.3	Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.		
CA5.2	Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.		

Nº	Contido	Modificación	Nova redacción
C5.1.1	Análise e interpretación de táboas e gráficos estatísticos de variables cualitativas, cuantitativas discretas e cuantitativas continuas.	Redución	Análise e interpretación de táboas e gráficos estatísticos
C5.1.3	Elaboración das representacións gráficas máis adecuadas mediante diferentes ferramentas tecnolóxicas (calculadora, folia de cálculo, aplicacións...) para pescudar como se distribúen os datos, interpretalos e obter conclusións razoadas.	Redución	Elaboración das representacións gráficas
C5.1.4	Medidas de centralización e dispersión: interpretación e cálculo.	Supresión	
C5.1.5	Comparación de dous conxuntos de datos atendendo ás medidas de centralización e dispersión.	Supresión	
C5.1.6	Uso das medidas de dispersión como complemento da media para explicar a distribución dos datos.	Supresión	

Nº	Contido	Modificación	Nova redacción
C5.1.7	Cálculo e interpretación das medidas de centralización e dispersión, con apoio tecnolóxico, en contextos da vida real.	Supresión	
C5.1.8	Uso de técnicas estatísticas para o tratamento de grandes cantidades de datos.	Supresión	
C5.1	Organización e análise de datos.		
C5.1.2	Recollida e organización de datos en situacións da vida cotiá que involucran unha soa variable. Frecuencias.		
C5.1.9	Contribución da estatística ao progreso da sociedade.		

B6	Sentido socioafectivo
----	-----------------------

Nº	Criterio de avaliación	Modificación	Nova redacción
CA6.1	Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.		
CA6.4	Colaborar activamente no traballo en equipo respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.		
CA6.5	Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión, a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.		
CA6.3	Mostrar unha actitude positiva e perseverante aceptando a crítica razoada ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.		
CA6.2	Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconcepto matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.		

Nº	Contido	Modificación	Nova redacción
C6.1.1	Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas.		

Nº	Contido	Modificación	Nova redacción
C6.3.2	Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.		
C6.3	Inclusión, respecto e diversidade.		
C6.1	Crenzas, actitudes e emocións.		
C6.1.3	Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe.		
C6.2	Traballo en equipo e toma de decisións.		
C6.1.2	Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe como a autoconciencia e a autorregulación.		
C6.2.1	Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático.		
C6.2.2	Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflitos.		
C6.3.1	Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.		

2.1 Orientación metodolóxica

A metodoloxía será comunicativa, inclusiva, activa e participativa. Prestarase especial atención ao desenvolvemento de tarefas relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida cotiá. Para isto, priorizaranse as aprendizaxes significativas e funcionais, poñendo o énfase en actividades de carácter práctico fronte aos aspectos teóricos da materia.

Para favorecer a capacidade de aprender por si mesmo/a e a autonomía persoal, promoverase tanto o traballo individual coma grupal, tendo en conta o seu ritmo e estilo de aprendizaxe.

Así mesmo, levarase a cabo un seguimento diario do seu traballo e empregaranse mecanismos de reforzo positivos e motivadores que axuden ao alumno/a a lograr o éxito académico e persoal.

Por outra banda, terase sempre presente a inclusión do/a alumno/a no grupo, polo que adaptaranse os contidos de cada unidade, mais intentando que participe das actividades da aula na medida do posible e que realice os exercicios semellantes aos dos seus compañeiros cando estes sexan apropiados para o nivel de adaptación.

En canto aos recursos materiais, empregaranse o libro Matemáticas. Adaptación Curricular. Nivel 1.(Editorial Aljibe). ; material adaptado elaborado polo profesorado e que o/a alumno/a integrará no seu caderno de traballo diario; fotocopias que o profesorado proporcionará sobre os temas obxecto da tarefa, podendo ser en papel ou a través de Edixgal, para a mellora da competencia dixital, material manipulativo (de ser necesario) para traballar na aula ca profesora de PT, etc.

Con carácter xeral, darase prioridade ao material impreso fronte ao dixital para favorecer a caligrafía e optimizar o estudo.

2.2 Criterios de cualificación

Desenvolverase unha avaliación continua, integradora e global, tendo en conta os seus progresos no conxunto das áreas e especialmente o grao de consecución das competencias clave. A avaliación permitirá identificar se o/a alumno/a mellora no seu proceso de ensino-aprendizaxe, valorando a súa progresión positiva e detectando as dificultades que poidan xurdir para aplicar as medidas necesarias.

Para comprobar a avaliación do proceso de aprendizaxe utilizaranse como instrumentos de avaliación:

- Rúbricas para valorar o seu traballo diario mediante unha observación diaria e obxectiva (30%).
- Probas escritas para avaliar a adquisición dos criterios de avaliación establecidos na AC (70%).

Sempre que a evolución do alumno o permita, o/a alumno/a realizará o mesmo número de probas escritas que os demais compañeiros e compañeiras do grupo. Estas probas estarán adaptadas non só nos contidos senón tamén na forma e tempo: exercicios de relacionar, completar, respostas breves, multiopción, explicación de gráficos, etc.

Para a superación da presente adaptación o/a alumno/a non deberá ter sen superar ou sen traballar máis do 50% dos criterios de avaliación que están recollidos na AC.

2.3 Instrumentos de avaliación

Para comprobar a evolución do proceso de aprendizaxe do/a alumno/a utilizaranse os seguintes instrumentos de avaliación:

- Probas escritas.
- Rúbricas para valorar o seu traballo diario e a súa actitude (participación, asistencia, comportamento, orde e limpeza, rendemento, etc), mediante unha observación diaria e directa, de forma obxectiva.
- Caderno de traballo do alumno/a.

2.4 Avaliación de competencias clave

Levarase a cabo unha avaliación continúa, formativa e integradora que permita identificar se o/a alumno/a mellora no seu proceso de ensino-aprendizaxe. Para iso empregaranse diferentes descritores asociados a cada competencia:

- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría: nas materias do ámbito científico-matemático, será a competencia máis destacada. En canto ao ámbito matemático, o/a alumno/a deberá coñecer termos e conceptos básico como por exemplo os numerais. Por outro lado, empregará o método científico para levar a cabo tarefas de investigación e ampliará o seu léxico científico.
- Competencia dixital: fundamentalmente a través do emprego da plataforma Edixgal, de uso diario na aula.
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender: será avaliada a partir do traballo en grupo, na participación na aula e no seguimento das tarefas que se pidan na materia. Neste senso, é importante que o/a alumno/a acade a maior autonomía posible.
- Competencia cidadá: valorarase mediante o traballo grupal e o respecto cos iguais.
- Competencia emprendedora: apreciarase a creatividade e orixinalidade á hora de realizar as tarefas, así como o pensamento crítico detrás das mesmas. Outro punto clave será o traballo tanto individual como en grupo e, neste último, a capacidade de liderar e de conducir ao grupo a un resultado positivo.

Relacionar con alumna/o

Alumna/o con código XADE '3PRDBMAOSA001L'